


ESCRITURA
DE FUNDACION
DEL PATRONATO LAYCAL

Y

MEMORIAS DEL EX.^{MO} S.^R

D. MANUEL VENTURA DE FIGUEROA

OTORGADA POR SUS TESTAMENTARIOS
á consecuencia del poder y facultad , que para
ello les dexó en su testamento y últimas
disposiciones.



MADRID MDCCLXXXIV
EN LA IMPRENTA DE D. JOACHÍN DE IBARRA.

Portada do Testamento do Excmo. Sr. D. Manuel Ventura Figueroa.

A FUNDACIÓN DO EXCMO. SR. D. MANUEL VENTURA FIGUEROA (1784-2009)

Se hai unha figura interesante aínda por descubrir na historia moderna de Galicia esta é sen dúbida a de D. Manuel Ventura Figueroa (Santiago de Compostela, 1708 – Madrid, 1783) durante os reinados de Fernando VI e de Carlos III foi azcebispo, xurista, político, espía¹, diplomático² e filántropo.

De orixe humilde foi ascendendo polos seus méritos e capacidade ata ocupar unha das mais altas dignidades do reino, a de Gobernador do Consello e Camara de Castela, cargo que ocupou ata a súa morte.

É precisamente co seu pasamento co que se iniciou a historia da institución da que nos imos ocupar nestas páxinas: a Fundación do Excmo. Sr. D. Manuel Ventura Figueroa.

Oríxenes da Fundación

Manuel Benito Ventura Cabanelas Barreiro Cerviño Rodríguez del Prado, Vidal e Figueroa falece en Madrid o 3 de abril de 1783 a idade de 75 anos; na súa longa vida de traballo acumula unha importante fortuna que decide destinar a creación dunha fundación benéfica laical que leve o seu nome, o encargo da súa creación recae nos seus testamenteiros que non son outros que destacadísimos membros do goberno da monarquía española de Carlos III, entre as personalidades políticas máis influentes e poderosas do país que foron designados como testamenteiros polo Sr. Figueroa atopábanse:

- D. José Moñino, Conde de Floridablanca e primeiro Secretario de Estado.
- D. Miguel de Múquiz, Conde de Gausa, membro do Consello de Estado e Gobernador do Consello de Facenda.
- D. José de Gálvez, membro do Consello de Estado e Gobernador do Consello de Indias.
- D. Miguel M^a de Nava
- D. Pedro Rodríguez de Campomanes, Conde de Campomanes e Gobernador interino do Consello de Estado (posto que ocupa o falecer o Sr. Figueroa)
- D. Juan Acedo Rico, membro do Consello e Cámara de S.M. Carlos III

Os testamenteiros designados otorgan pois seguindo as súas indicacións a escritura de fundación da institución en Madrid o 15 de decembro de 1784, nela establececese como haberá de cumprirse a vontade do fundador, que non é outra ca seguinte:

“Es mi voluntad que las otras quartas partes de mis bienes, rentas y efectos, reducidas á dinero en especie, se empleen en fincas reductibles, para que lo que produxesen cada año se aplique y convierta en dotes á favor de huérfanas parientas mías, ya sean para casarse, ó para entrar religiosas, y también para alimentos de parientes míos en la propia forma, ya sigan la carrera de estudios, ú otra de digno objeto y estimación; cuyo encargo y la extensión de esta fundación dexo y confío a los dichos señores mis albaceas y testamentarios suplicándoles se sirvan tomar este trabajo por el amor que siempre les he tenido y tengo.”³

¹ TARACHA, Cezary “El Marques de Ensenada y los servicios secretos españoles en la época de Fernando VI” Brocar, 25 (2001) pp.115

² PORTABALES PICHEL, Amancio “D. Manuel Ventura Figueroa y el concordato de 1753” Madrid, 1948

³ FILGUEIRA VALVERDE, Jose “Manuel Ventura Figueroa: Arzobispo de Laodicea, Patriarca de las Indias, Gobernador del Consejo de Castilla” Reed. Fundación Filgueira Valverde, 1996 pp.16

O total da herencia de D. Manuel Ventura ascendeu a cifra aproximada de oito millóns de reais, dos cales seis millóns conforman o caudal inicial da Fundación, o resto destinouse a diversas cuestións entre elas a composición de pontes e camiños do Reino de Galicia⁴, co que casi a totalidade da súa fortuna tivo como destino a súa terra natal e os seus parentes.⁵

Estes diñeiros foron investidos polos seus testamenteiros no nome da Fundación en accións, afortunadamente non seguiron o pé da letra as indicacións do fundador que quería investir o patrimonio en fincas, senon que investiron cinco millóns de reais no Banco Nacional de S. Carlos⁶ e un millón en Renta do Tabaco, e decimos afortunadamente porque no ano 1798 moitas das fincas pertencentes a obras pías foron expropiadas polo Estado que atravesaba serios problemas economicos, desde xeito a Fundación librouse da desaparición e sentaronse unhas sólidas bases economicas que perdurarían a través do tempo, asegurando así a subsistencia da institución.

Estes ilustres señores ratificaron a vontade do fundador creando un Padroádego, á cabeza do cal encontraríase no sucesivo un Xuíz Protector seguido dun Patrón de Sangue, un Apoderado do Patrón e un Secretario. O Xuíz Protector tiña que ser unha persoa de autoridade, versada en materias xudicias que fixese observar fielmente as normas da Fundación⁷. Pola súa parte o Patrón de Sangue e aquela persoa máis próxima no árbore xenealóxico o fundador, este é quen nombra o Apoderado do Patrón, que actua como lo seu representante e ven sendo o Administrador da Fundación.

LISTADO DE PATRONOS DE SANGUE

1º	Juan Bautista Valverde	
2º	Pedro de Barros Cabanelas	
3º	Manuel Barros Martínez	(foi tamen apoderado do 1º e 2º patrón)
4º	Alberto Barreiro Rial	
	Pedro Ramón Fernández Barreiro	Patrón Interino e apoderado do 4º patrón
5º	Enrique Barreiro Iglesias	
	Juan Fares Barreiro	Patrón Interino e apoderado do 5º patrón
6º	Vicente Cobas González	
7º	Manuel José García Barros	
8º	Manuel Vidal Barros	
9º	Andrés Tomas Bouzas Martínez	(foi apoderado de 6º e 8º patrón)
10º	Enrique Piñeiro Barreiro	
	Manuel García Cobas	Patrón Interino
11º	Gregorio Barreiro Loureiro	(nomeado en 1920)
12º	Manuel Piñeiro Balado	(nomeado en 1922)

⁴ Facer notar o erro que en relación con este tema aparece no libro de Vicente Rodríguez Casado “La Política y los políticos en el reinado de Carlos III” Madrid: Rialp, 1962 pp. 226-227; onde despois dunha crítica a figura de D. Manuel Ventura Figueroa sinala: : *“a pesar de su condicion avara, fue generoso con la Sociedad Economica de Madrid, y le dejo en su testamento una fuerte suma, 6.000.000 de reales, para fundar un seminario en Galicia”*, a realidade foi outra ben distinta como acabamos de ver.

⁵ Por añadidura donou a súa biblioteca personal e papeis privados a Universidade de Santiago de Compostela, a súa colección xunto coas donacións de Felipe de Castro, as do doutor Carballo de Castro e as librerías dos colexios xesuítas conformaron o primeiro catálogo que se conserva da Biblioteca Universitaria.

⁶ Pudo influir nesta decisión o feito de que o Sr. Ventura Figueroa intervinse cos seus dictamens na creación do Banco de San Carlos e por eso os seus testamenteiros investiron nesta institución.

⁷ Na maioría dos casos foi un ministro do Goberno de España.

13º	Manuel Moreiras Balado	(nomeado en 1936)
14º	Joaquín Barreiro García	(nomeado en 1946)
	Joaquín Barreiro Ferreiros	(nomeado en 2005)

Por último na escritura de fundación desta institución recóllense as normas de funcionamento que rexerán a mesma de xeito pormenorizado, especialmente o que fai referencia a como e quen serán beneficiarios das súas axudas.

Deste xeito crease en 1784 a Fundación do Excmo. Sr. D. Manuel Ventura Figueroa, a única fundación do Antigo Réxime que perviviu ata os nosos días, superando revolucións, monarquías, repúblicas e guerras civís e dando como resultado unha enorme árbore xenealóxica de xeracións e xeracións de galegos e galegas, entre os que destacaron e destacan importantes personalidades da historia do noso país, por exemplo: Alvaro Cunqueiro, Fermin Bouza Brey, Jose Filgueira Valverde, Salustiano Portela Pazos, Aquilino Lois Barros, etc.. e outras máis actuais coma Mariano Rajoy, por citar algunha da nosa época.

Este pequeno artigo pretende arrojar algo de luz sobre a historia da Fundación que é extensa e difícil de contar en moitas ocasións, especialmente naqueles momentos en que estivo a piques de desaparecer e extinguirse para sempre, pero o seu labor merece todo o noso recoñecemento e gratitude.

O primeiro século de vida da Fundación (1784 - 1883)

É o primeiro século de vida da Fundación un dos períodos máis escuros da súa historia, aínda que non o máis, isto débese en boa parte ao propio contexto histórico no que se haxa inmersa, en 1789 estala a Revolución Francesa que como un terremoto ten o seu eco en toda Europa, España non vai permanecer allea a tódalas transformacións que sacoden o continente, entre 1793 e 1808 o Antigo Réxime vai pouco a pouco esborrallándose envolto en guerras e conflitos que culminan en 1808 coa invasión francesa do país.

En 1829 a Fundación sofre o seu primeiro revés importante coa extinción do Banco Nacional de S. Carlos que pasou a denominarse de S. Fernando e que supuxo unha importante redución do capital de que dispuña a Institución, ademais a dirección foi posta en dúbida por varios autores⁸ principalmente por que nesa época a igrexa de S. Martín de Madrid⁹ na que estaba enterrado D. Manuel Ventura Figueroa foi derrubada e os restos de tan ilustre personaxe perdéronse para sempre sen que as autoridades da Fundación fixesen nada por evitalo.

En 1844 a rainha Isabel II nomea xuíz protector ao Excmo. Sr. Francisco Javier Tames Hevia¹⁰, membro do Consello da S. M. coa intención de restaurar a Fundación e poñer orde na penosa situación da Institución, o xuíz protector dita unha serie de normas¹¹ que conseguiran

⁸ SANCHEZ RIVERA, Celestino “Datos bibliográficos del excelentísimo señor D. Manuel Ventura Figueroa, gobernador del Consejo y Cámara de su Majestad, arzobispo de Laodicea, creador de la “Fundación Figueroa” Tipografía “El Eco de Santiago”, 1929, pp.101

⁹ O monasterio e a igrexa de San Martín de Madrid teñen a súa orixe o redor de 1126 e foi o máis importante de Madrid no Antigo Réxime, en 1809 Jose Bonaparte decidiu esborrallar a igrexa do convento, na que repousaban ilustres persoeiros, cuos restos perderonse, entre eles os de algúns galegos destacados como Frei Martín Sarmiento e o noso protagonista D. Manuel Ventura Figueroa.

¹⁰ Nomeado polo R.D. 21/11/1844

¹¹ PATRONATO LAICAL MANUEL VENTURA FIGUEROA “Escritura de Fundación del Patronato Laycal y memorias del Exco. Sr. D. Manuel Ventura Figueroa otorgada por sus testamentarios a consecuencia del poder y facultad que para ello les dexó en su testamento y últimas disposiciones” Madrid: Imprenta de Joachin de Ibarra, 1784 (Exemplar dixitalizado en <http://galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/i18n/consulta/registro.cmd?id=3304> e encadernado con “Adiciones a la Fundación del Excmo. Sr. Figueroa ... aprobadas por Real Orden de 23 de

poñer un pouco de orde no caos e así a Fundación volve dar axudas, aínda que pouco numerosas pola mala situación das finanzas da Fundación.

A situación vai mellorar ao redor de 1847 coa fusión dos Bancos de San Fernando e Isabel II¹² que supuxo multiplicar o capital da Fundación, neste novo marco créanse dous novos cargos na fundación o de Contador e o de escribente da Secretaria e adxudícanse de novo dotes e pensións con certa regularidade, aínda que ben é certo que non tódala que sería desexable.

Ao finalizar o primeiro século de vida da Fundación o capital do que dispuña era o seguinte:

1.-2577 Accións do Banco de España, repartidas da seguinte forma:

-1601 Accións libres a nome do Patrón de Sangue: D. Manuel Vidal Barros e Cavanelas.

-976 Accións con carácter inalienable a nome da Fundación.

2.- 56125 pesetas en títulos da Débeda Perpetua Exterior.

3.- 503766 pesetas en concepto de rendas producidas polo capital no Banco de España a nome da Fundación.¹³

Tamén sabemos que no ano 1882 D.Manuel Beade Barral donou ao Museo de Pontevedra unha árbore xenealóxico da familia que media a friorenta de 27 metros, a familia crecía exponencialmente de xeito vertixinoso, en 1883 os soldos que percibían o persoal da Fundación eran os seguintes:

1.- Xuíz Protector 6.000 reais

2.- Patrón de Sangue11.000 reais

3.- Secretario 2.200 reais

4.- Contador 4.000 reais

5.- Escribente da Secretaria 3.000 reais

ESTADO DEMOSTRATIVO DOS INGRESOS E GASTOS 1875 – 1884¹⁴

	PRODUCTOS	ADQUISICIONS	DOTES	PENSIONES	CUOTAS DE ACOMODO	TITULOS DE LICENC.	TITULOS DE MESTRE	PERSONAL E MATERIAL	TITULOS DE BACHILLER
1875	169.575	86.034	38.500	58.072				6.817	
1876	137.520	“	5.500	51.226				9.126	
1877	189.380	“	16.500	53.618				9.126	
1878	189.170	“	93.500	73.712				7.810	
1879	206.280	“	88.000	76.700				10.097	
1880	191.353	“	88.000	83.212				9.310	
1881	198.705	“	71.500	77.012				9.329	
1882	117.641	“							
1883	260.656	“	104.500	206.344				22.172	
1884	235.778	“							

*A conta de gastos dos tres últimos anos esta contabilizada de forma conxunta

noviembre de 1847”)

¹² Esta fusión deu lugar o nacemento do Banco Español de S. Fernando que no ano 1856 pasou a coñecerse co nome de Banco de España.

¹³ Este capital debería de estar gardado seguindo as indicacións do fundador no monasterio de S. Martin de Madrid, pero a súa desaparición facía imposible o cumprimento desta indicación polo que en adiante as rendas producidas polo capital albergaranse no Banco de España.

¹⁴ PATRONATO LAICAL MANUEL VENTURA FIGUEROA “Escritura de fundación del Patronato Laical instituido por el Excmo. Sr. D. Manuel Ventura Figueroa; Decretos dictados por el Excmo. Sr. D. Eugenio Montero Rios; Estados demostrativos de la gestion económica del Patronato durante el decenio de 1875 a 1884 y en los nueve años que comprende el protectorado actual” Santiago de Compostela, Tipografía de José M. Paredes, 1894

Dos anos 1883 a 1931

O período que abarca de 1883 a 1931 é tódolo contrario ao primeiro século de vida da institución, nestes anos a Fundación vivirá un dos períodos da súa historia máis destacados e transparentes, para a súa análise dividiremos este período en catro, o primeiro período será o que abarca o mandato como Xuíz Protector do Excmo. Sr. D. Eugenio Montero Rios, o segundo no que foi Xuíz Protector o Excmo. Sr. D. Francisco Javier González de Castejon e Elio, o terceiro o tempo que estivo o Excmo. Sr. D. Angel de Urzaiz e o cuarto co Excmo. Sr. D. Galo Ponte á fronte da institución.

A proposta do presidente do Consello de Estado de España, é nomeado por real orde de 30 de Nov. de 1883, o Sr. Eugenio Montero Ríos como xuíz protector da Fundación Figueroa, o seu nomeamento marca un antes e un despois na historia da institución, para moitos¹⁵ é o “salvador” da Fundación; naceu en Santiago de Compostela, catedrático en dereito canónico foi deputado por Pontevedra e ministro de Graza e Xustiza no goberno de Prim en 1870 e co rei Amadeo I de Saboya en 1873; ministro de Fomento en 1885 e presidente do goberno en 1905, participou na fundación da Institución Libre de Ensino. Unha figura tan destacada non podía por menos que deixar unha honda pegada do seu paso na Fundación do Excmo. Sr. Manuel Ventura Figueroa, como así foi.

Dende o intre no que chega ao cargo de Xuíz Protector propúxose rematar coa opacidade e modificar o que segundo as súas propias palabras era “*una casa vieja agujereada por las ratas*”¹⁶, así elabora varios decretos que poñen orde na xestión da Fundación e que son moi proveitosos para a mesma.

En primeiro lugar puxo orde na economía da institución, para o que conseguiu que as 1601 accións que existían a nome do patrón de sangue pasasen a nome da fundación e que tivesen carácter inalienable; estableceu que o Banco de España fose o depositario das rendas que producía o capital e conseguiu que o mesmo abrise unha sucursal en Santiago de Compostela onde as persoas obxecto das axudas da fundación podían percibir por se mesmas os diñeiros que esta lles outorgaba; ademáis propicio a adquisición por parte da fundación de 334 novas accións da Compañía Arrendataria de Tabacos, acrecentando o capital e os rendementos da Fundación.

Dispuxo ademáis que se publicase tódolos anos as contas, o balance, os orzamentos e os concursos da fundación na Gaceta de Madrid e nos Boletíns Oficiais das provincias de Pontevedra e Coruña, dotando á fundación dunha transparencia descoñecida ata entón¹⁷, suprímense os cargos de Contador e de Escribente da Secretaria¹⁸ e establécese que os soldos do persoal da fundación serían os seguintes:

- Xuíz Protector 1500 pesetas
- Patrón de sangue 2750 pesetas
- Secretario.....550 pesetas¹⁹.

¹⁵ SANCHEZ RIVERA, C., op. Cit., pp.102

¹⁶ SANCHEZ RIVERA, C., op. Cit., pp.113

¹⁷ Tamen a prensa galega da epoca recollía as novas e concursos que convocaba a Fundación.

¹⁸ Que non figuran na idea orixinal que proxectou o Sr. D.Manuel Ventura Figueroa.

¹⁹ MONTERO RIOS, Eugenio, “Memoria que al dimitir su cargo de juez protector de esta fundacion eleva D. Eugenio Montero Rios al Exco. Sr. Ministro de la Gobernacion” Fundacion Excmo. Sr. Manuel Ventura Figueroa, Madrid, 1887

Doutra banda, ampliou o número de carreiras para as que se podía solicitar axuda e aumentou a contía das que se outorgaban, xa non valían as disposicións do Sr. Fundador agora a carestía da vida obrigan á institución a adaptarse aos tempos; auméntase o número de beneficiarios da institución, pasase de dar axudas de 87 pensionistas a 317 ao final do seu mandato como xuíz protector.


Proséguese a formación da árbore xenealóxica o que facilita enormemente a comprobación do parentesco, as xenealoxías chegan a ocupar 29 tomos en folio, elabora o Sr. Montero Ríos unha serie de decretos nos que se ditan normas para ser considerado beneficiario e membro da familia, así exclúese aos descendentes de clérigos, e aos fillos non recoñecidos ou ilexítimos, tódolos parentes do fundador son catalogados en función do seu grao de parentesco.²⁰ Establécese que o arquivo do padroado, para evitar o seu deterioro, extravió ou destrución sexa devolto ao lugar no que estivo con anterioridade, isto é, o Arquivo do Gran Hospital de Santiago de Compostela.

Para darnos conta da actividade febril que levo a cabo o Sr. Montero Ríos á fronte da Institución, faremos un reconto dos decretos que emitiu:

LISTAXE DE DECRETOS

- 03/06/1884 Decreto organizando os diversos servizos da Fundación
- 23/03/1885 Decreto poñendo orde nas contas da institución.
- 05/04/1885 Decreto ampliando as carreiras a cuio estudo poderán dedicarse os pensionistas e aumentando o importe anual das pensións
- 14/07/1885 Decreto sobre aptitude dos parentes do Ilustre Fundador para obter dotes e pensións
- 02/02/1886 Decreto excluindo do goce dos beneficios da Fundación aos descendentes de clérigos
- 27/02/1886 Decreto aprazando por dous anos a entrega da dote ás parentes que casen logo de cumprir a idade de 50 anos.
- 10/06/1888 Decreto declarando válidas as licenzas obtidas por parientas do Ilustre fundador para casar sen prexuízo de percibir o dote no seu día e fixando regras para o recoñecemento de fillos naturais
- 30/06/1888 Decreto establecendo as condicións que haberán de reunir os aspirantes ás pensións
- 15/12/1888 Decreto sobre retención de pensións
- 25/09/1890 Decreto aprobando a árbore xenealóxica da familia do ilustre fundador e declarando en suspenso as cualificacións defectuosas.
- 23/12/1890 Negando dereito de dote a parentas solteiras que aspiren a casar antes de que aquela lles fose adxudicada
- 06/05/1891 Decreto fixando as regras para a orde de preferencia dos parentes de procedencia lexítima e excluindo aos de vínculo adulterino ou incestuoso.
- 30/10/1892 Decreto resolvendo queixas e reclamacións sobre a aplicación do de 05/04/1885
- 24/03/1892 Decreto declarando subsistente a suspensión das cualificacións defectuosas
- 28/03/1892 Decreto sobre partes de estudos.

²⁰ Os graos de parentesco estableceense do seguinte xeito: a cabeza do tronco son os avós do fundador, Pedro Cabanelas y Maria Cerviño, dende o fundador ata os seus avós hai dous graos e dende os avós en adiante vanse contando as xeracións o graos de xeito sucesivo, así por exemplo, Agustín Couto Mallén sería parente en grao 2º con 8º, o primeiro número indicaría a que tronco principal da familia pertenze e o segundo establece dentro dese tronco o lugar que ocupa.



Exemplo de árbore xenealóxico dende a orixe ata a actualidade.

Este labor de reorganización por suposto non contou co apoio de tódolos sectores da sociedade, o xuíz protector recibiu numerosas críticas, especialmente daqueles que se vían perxudicados pola modernización e transparencia da fundación, e tamén daqueles que eran adversarios políticos do Sr. Montero Ríos, así vemos como se lle critica en “O Correo de Galicia” onde replican a unha crítica lanzada contra a Igrexa é as dispéncias para matrimonios entre parentes que segundo o Sr. Montero Ríos producen o nacemento en moitos casos de nenos con problemas, por exemplo sordomudos²¹.

Grazas a este afán de transparencia, esta é unha das épocas da institución que mellor se pode estudar posto que Boletíns Oficiais, prensa e publicacións da propia fundación dan conta das súas actividades.

En 1914 prodúcese o nomeamento por parte do rei Afonso XIII do Excmo. Sr. D. Francisco Javier González de Castejon e Elio, marques de Vadillo (Pamplona 1898, Madrid 1919) como Xuíz Protector da Fundación Figueroa.

Catedrático de dereito natural, deputado por Navarra, membro do partido conservador; foi ministro de Agricultura, Industria, Comercio e Obras publicas e por fin ministro de Gobernación entre 1904-1905 con Afonso XIII; dirixe a Fundación durante escasos nove meses entre o 09/09/1914 e o 23/05/1915, parece ser que o seu nomeamento tampouco foi do agrado de moitos, principalmente por que delegou as súas funcións noutra persoa segundo recolle a prensa da época²² algo que non estaba moi claro se era legal segundo as normas da Fundación e porque nese momento había outros ex ministros válidos para o cargo que eran de orixe galega e sen dúbida serían vistos con maior agrado, o seu paso pola Fundación pasa case desapercibida á beira doutras figuras insignes que ocuparon o cargo de Xuíz Protector.

Tras este pequeno paréntese que non varia en nada o devir da Institución, segue a tendencia iniciada por Eugenio Montero Ríos o novo xuíz Protector, o Excmo. Sr. D. Angel de Urzaiz y Costa que dirixirá a Fundación Figueroa entre 1915 e 1926, naceu no porto de Santa M^a, avogado, xornalista e deputado por Pontevedra chego a ser ministro de Facenda en varios gobernos entre eles o presidido por Eugenio Montero Ríos.

No período que estivo á fronte da Fundación prodúcense poucos cambios, o capital segue investido como dispuxo o anterior xuíz protector, do mesmo xeito que na etapa pasada a fundación depende da administración central española e dentro desta directamente do Ministerio da Gobernación e da súa Dirección Xeral de Administración. Nestes momentos as axudas que viñan outorgando eran as seguintes:

- Dote..... 5500 pesetas
- Pensión Maxisterio e facultades 1100 pesetas
- Pensión de escola 412 pesetas
- Pensión segunda ensino 825 pesetas.

²¹ Recollese a polémica no Correo de Galicia, a fundación tiña moitas solicitudes de axuda para parentes que eran sordomudos, precisamente o Sr. Montero Ríos parciais que no fondo deste problema estaba o feito dos matrimonios entre parentes que tiñan dispensa da Igrexa para casar.

²² Vease El Regional de 24 de setembro de 1914.

FUNDACIÓN

del Excmo. Señor

MANUEL VENTURA FIGUEROA,

PATRONATO

En el concurso del corriente año ha correspondido á V. una pensión de ochocientas veinticinco pesetas para estudios de todo mundo la cual empezará á disfrutar en el presente curso académico, prévias las formalidades al efecto establecidas.

+ Lo que tengo la satisfacción de participar á V. para su conocimiento.

Dios guarde á V. muchos años. —
Santiago de Noviembre de 1907.

El Patrono.

Amablemente

Ángel de Alarcón

D. Alfonso Conde Mallén

Notificación de concesión de axuda a un figueroísta sordomudo en 1907.

ESTADO DEMOSTRATIVO DOS INGRESOS E GASTOS 1922-1926²³

	PRODUCTOS	ADQUISICIONS	DOTES	PENSIONES	CUOTAS DE ACOMODO	TITULOS DE LICENC.	TITULOS DE MAESTRO	PERSONAL E MATERIAL	TITULOS DE BACHILLER
1922	1.248.534	5.852	192.300	63.525	12.000	4.250	4.300	13.073	
1923	1.351.856		143.000	86.625	10.500	6.800		12.802	1.418
1924	1.426.441		192.500	117.150	18.000	7.650	511	13.158	1.300
1925	1.421.868	326.401	187.000	144.375	16.500	5.100	383	12.029	4.586
1926	1.082.254	242.779	209.000	154.050	28.500	7.650	511	13.590	2.482

Coa chegada dun novo xuíz protector xorde impulsada por D. Salustiano Portela Pazos²⁴, en 1916 a idea de crear unha “Asociación Figueroista”, así producense varias asembleas na cidade de Santiago de Compostela na que se nomea unha directiva e chéganse a varios acordos, entre eles organizar unha subscrición para honrar a memoria do anterior xuíz protector o Sr. Montero Ríos e tamén xestionar o traslado dos restos mortais do Sr. Figueroa a Galicia, é grazas ao interese destes figueroistas como se chegou a saber que os restos mortais do fundador perdéranse para sempre.

Entre 1915 e 1922 sucédense tres patróns de sangue, este cargo esta vedado para as mulleres segundo establece a escritura fundacional, “... *se declara estar excluidos de suceder en este Patronato y administración los que al tiempo de la vacante fuesen menores de veinte y cinco años, no estando habilitados por la ley ó por el príncipe para habilitar sus bienes; é igualmente se excluyen las mujeres, los mentecatos, los pródigos, y aquellos que por su profesión religiosa no pueden ni deben gobernar bienes temporales*”²⁵ sérvennos as normas internas que rexen a Fundación para estudar e entender mellor como eran os usos e costumes da sociedade do momento, vemos como as mulleres estaban excluídas expresamente de ocupar cargos relevantes e podemos observar nas convocatorias para conceder dotes como se outorgaban a mulleres entre 16 e 50 anos, co que vemos que as mulleres desde a tenra idade de 16 anos xa podían contraer matrimonio, algo totalmente inusual nos tempos actuais.

De 1927 a 1931 temos como xuíz protector á fronte da Fundación ao Excmo. Sr. D. Galo Ponte e Escartín (Zaragoza, 1867 Madrid, 1943), xurista aragonés, foi ministro de Graza e Xustiza no gabinete do ditador Primo de Rivera.

Galo Ponte é a única persoa na historia da Fundación que ocupará en dous períodos distintos o cargo de Xuíz Protector, nesta primeira etapa de 1927-1931 e logo posteriormente entre 1939-1943, ano no que morre.

O seu nomeamento foi moi contestado dende o seo da familia figueroista, que prefería un galego á fronte da institución, a polémica saltou á prensa da época e convocáronse asembleas de Figueroistas en Santiago que pediron a súa destitución formalmente ao presidente do Consello de Ministros, cousa que non prosperou ata que coa chegada da II República noméase outro Xuíz Protector.

Con Galo Ponte a institución mantén os investimentos iniciais e adquire débeda ferroviaria e tamén accións da compañía arrendataria do Monopolio de Petróleos, neste período o

²³ GACETA DE MADRID, nº 96 de 06/04/1923; nº 99 de 08/04/1924; nº53 de 22/02/1925; nº 79 de 20/03/1926; nº79 de 20/03/1927.

²⁴ Salustiano Portela Pazos, historiador e dean da catedral de Santiago e membro da Real Academia Galega. (Rebordelo, Cotobade, 1877 – Santiago de Compostela, 1976).

²⁵ SANCHEZ RIVERA, C., op. Cit., pp.76-77

R.D. 13/03/1928 transforma a débeda interior perpetua en débeda amortizable. A fundación segue baixo a dependencia do Ministerio de Gobernación.

Elabora o noso protagonista algunhas novas disposicións atendendo as demandas que lle expóñen algúns figueroistas, así establece que non se perde pensión por suspender un ano en carreiras especiais²⁶ e mais cuestións que teñen que ver cos estudos, tamén dado o aumento do custo da vida elévase a contía das axudas que empezaban a ser insuficientes:

- Bacharelato elemental (mantense) 825 pesetas
- Segundo Ensino Universitario e Seminario 1000 pesetas
- Facultade 1500 pesetas

En 1928 instalase unha lápida adicada á memoria do Sr. Fundador, no claustro do Hospital Real dos Reis Católicos, lugar onde naceu Manuel Ventura Figueroa, nunha cerimonia de homenaxe, a que acuden destacadas persoalidades como recollen algúns periodicos da época.

ESTADO DEMOSTRATIVO DOS INGRESOS E GASTOS 1927 – 1930²⁷

	PRODUTOS	ADQUISICIONS	DOTES	PENSIONS	COUTAS DE ACOMODO	TITULO LIC.	TITULO MAESTRO	TITULO BACHILL.	PERSOAL E MATERIAL
1927	714.579	109.000	77.000	126.790	30.000	4.357	1.534	1.623	16.821
1928	652.522		121.000	119.575	19.500	9.586	2.302	2.497	19.679
1929*	633.424	16.200	99.000	42.075	36.000	5.229	1.790	3.370	19.300
1930	615.559	16.200	115.500	36.300	31.500	5220	1406	2492	19958

*En 1929 adquirense 162 accions do Banco Exterior e paganse a prazos.

Tralas eleccións municipais de 1931 proclámase no país a II Republica e o 09/12/1931 apróbase unha nova constitución profundamente democrática, sopran aires máis progresistas. Para tódolos dirixentes da Republica a educación converteuse nun dos eixos fundamentais da súa actuación era imprescindible para o progreso social e para a consolidación do novo réxime, deste xeito chega o Excmo. Sr. Fernando de los Ríos á fronte da Fundación Figueroa.

Fernando de los Ríos Urruti (Ronda 1879, Nova York 1949) catedrático de dereito na universidade de Granada, estudou e foi profesor da Institución Libre de Ensino; deputado polo partido socialista e membro da masonería; encarcerado durante a ditadura de Primo de Rivera; formará parte do goberno provisional de Niceto Alcalá Zamora como ministro de Xustiza, cargo que ocupa novamente con Manuel Azaña e como ministro de Instrución Publica e Belas Artes ata 1933 momento no que pasou a ocupar a carteira de Estado.

Foi nomeado Xuíz Protector da Fundación en outubro de 1931 cargo que ocupou teoricamente ata 1938 en que é destituído no BOE de 30/01/1938, e dicimos teoricamente porque cando estala a Guerra Civil foi enviado a Francia como embaixador e despois a EEUU, e xa non volveu nunca máis a España, así dende 1936 a 1939 a Fundación quedou descabezada e as súas funcións en suspenso e sen actividade, ata que foi nomeado de novo como Xuíz Protector o Sr. Galo Ponte.

Nos poucos anos que estivo á fronte Fernando de los Ríos viñéronse outorgando axudas con normalidade e como novidade máis destacable outórganse por primeira e única vez pensións para cursar estudos no estranxeiro que roldaban o importe de entre 6.000 e 12.000 pesetas da

²⁶ De especial dificultade: Inxenieros, arquitectos e oficiais do exército e a Armada.

²⁷ GACETA DE MADRID nº 82 de 22/03/1928; nº 89 de 30/03/1929; nº73 de 14/03/1930; nº52 de 21/02/1931

época; cando entrou no cargo a Institución figuraba na lista de accionistas do Banco de España co número un e contaba con 3200 accións.²⁸

ESTADO DEMOSTRATIVO DOS INGRESOS E GASTOS 1931 – 1935²⁹

	PRODUCTOS	ADQUISICIONS	DOTES	PENSIONES	COUTAS DE ACOMODO	TITULO LIC.	TITULO MAESTRO	TITULO BACHILL.	PERSONAL E MATERIAL
1931	583.524		126.500	34.650	31.500	5229	1278	3.495	21.561
1932	560.487	7.619	104.500	28.035	42.000	13.665	511	1.623	20.416
1934	550.307	49.519	88.000	23.306	55.500	14.781	2280	1.638	23.090
1935	580.978	50.092	88.000	16.500	12.000	5.320	760	682	24.649

A Fundación durante a Guerra Civil e a ditadura de Franco (1936-1978)

Como xa explicamos entre 1936 e 1939 a actividade da Fundación esta en suspenso debido aos tristes acontecementos que se producen en España, durante este período parece ser que a Institución vai estar dirixida pola Xunta Provincial de Beneficencia da Coruña, ata que en xullo de 1939 Franco nomea ao Sr. Galo Ponte, Xuíz Protector, cargo que xa ocupara con anterioridade, así de novo a Fundación pasa a estar dirixida dende a Administración Central, a través do Ministerio de Gobernación e dentro deste da Dirección Xeral de Beneficencia e Obras Sociais.

Entre os anos 1939 e 1943, ano en que falece o Xuíz protector non parece que exista ningunha actividade, pero en 1944 convócase a través do BOE unha audiencia para os interesados nos beneficios da Fundación, aínda que non é ata 1946 co nomeamento do Excmo. Sr. Eduardo Callejo de la Cuesta cando se reinician as actividades da Fundación.

Eduardo Callejo de la Cuesta (Madrid 1875, Madrid 1950) avogado e político, ministro de Obras Publicas e Belas Artes con Primo de Rivera; conselleiro do Consello de Estado en 1945 con Franco, chegou a ser presidente do mesmo entre 1946-1949. Con él a Institución volve conceder axudas e noméase patrón de sangue, nestes momentos o importe das dotes era de 6.000 pesetas para contraer matrimonio e para ingreso en relixión era de 4.500 pesetas, doutra banda as pensións alcanzan as seguintes cantidades:³⁰

2.500 pesetas	Segundo ensino elemental e latín no Seminario
1.600 pesetas	Catro derradeiros anos de bacharelato, filosofía en Seminario e cursos en escolas o academias do Estado de menos de 6 meses
1.300 pesetas	Facultade, estudos preparatorios de carreiras especiais e cursos en escolas e academias do Estado de máis de 6 meses e carreiras especiais: Inxenieros, Arquitectos e oficiais do Exército e a Armada.

²⁸ ABC de 01/11/1931

²⁹ GACETA DE MADRID nº 86 de 26/03/1932; nº 64 de 05/03/1933; nº 92 de 02/04/1934; nº95 de 05/04/1935; nº 72 de 12/03/1936

³⁰ BOE nº 140 de 20/05/1947

ESTADO DEMOSTRATIVO DOS INGRESOS E GASTOS 1945-1946³¹

	PRODUTOS	ADQUISICIONS	DOTES	PENSIONS	CONTAS DE ACOMODO	TITULO LIC.	TITULO MAESTRO	TITULO BACHILL.	PERSONAL E MATERIAL
1945	783.885	805		65.325	93.375	8073	912	273	29.444
1946	899.070			66.775	18.000	6.419	327	273	45.057

En 1950 tralo pasamento do Sr. Callejo, Franco nomea como Xuíz Protector ao Excmo. Sr. D. Natalio Rivas Santiago (Albuñol 1865, Madrid 1958) avogado, político e escritor, membro do partido Liberal, entre 1919-1920 foi ministro de Instrución Pública e Belas Artes, foi nomeado membro da Real Academia da Historia en 1940 e deputado por designación de Franco en 1949, 1952 e 1955.

Estivo no cargo ata 1958 ano no que falece quedando vacante a praza de Xuíz Protector da Institución que vén ser ocupada polo Excmo. Sr. D. Fernando Suárez Tangil e Angulo (1886-1964), avogado e Marques de Covarrubias e Leyua³², foi ministro de Obras Públicas no goberno de Franco entre 1951-1957; ocupa o cargo de máximo dirixente da Fundación Figueroa ata o seu pasamento en 1964, ao ano seguinte Franco nomea como sucesor ao Excmo. Sr. Jesús Louro García-Mina (Pamplona 1908, Madrid 1976) catedrático de dereito mercantil, de procedencia falanxista, foi ministro de educación do Réxime de Franco entre 1956 e 1962, estivo no cargo ata 1976 ano no que falece.

Da xestión destes últimos tres xuíces protectores non temos noticias, posto que nos boletíns oficiais apenas se publica outra cousa que os seus respectivos nomeamentos, non aparecen os concursos nin tampouco a conta xeral que tódolos anos viña publicando a Fundación, así que dende 1950 ata 1976 aproximadamente non sabemos apenas nada do devir histórico da Institución, este silencio e opacidade son o preludio dunha das etapas máis difíciles e escuras que atravesará a Fundación Figueroa.

No 1976 nomease xuíz protector ao Excmo. Sr. Antonio Carro Martínez, xurista e político nado en Lugo, que convertiuse no derradeiro ministro da presidencia do franquismo, non temos noticia do seu labor a fronte da Fundación.

O Ocaso da Fundación (1976-1995)

É a época da transición política en España, o paso do réxime de Franco á democracia o período no que case desaparece definitivamente a Fundación, de feito esta desaparecida durante uns anos, non sabemos exactamente porque pero parece ser que ao falecemento do apoderado do patrón extrávanse tódolos papeis da Fundación e reaparecen con posterioridade en mans dun anticuario³³ que llos ofrece ao goberno que por entón presidía o Sr. Felipe González, este cédello á Xunta de Galicia a cal asina un convenio coa Universidade de Santiago de Compostela en 1989 para depositar estes papeis no Arquivo Universitario que é onde se atopan actualmente.

³¹ BOE nº 79 de 20/03/1946 y BOE nº 113 de 23/04/1947

³² Título outorgado por Franco

³³ No ABC de 05/03/1987 aparece a noticia de que o arquivo da Fundación Figueroa de Compostela, valorado en 2.500.000 pesetas non chegou a poñerse a venda nunha puxa da subasta celebrada na casa de anticuarios Duran por esas datas.

Nos anos 80 o goberno central decide que as competencias que tiña o estado sobre as asociacións de carácter benéfico e asistencial de interese galego pasen a ser asumidas polo goberno de Galicia pero lamentablemente non inclúe entre elas á Fundación Figueroa³⁴, pero dende Galicia ségueselle reclamando ata que por fin concrétase o R.D. 2170/1994 de 4 de novembro onde se di literalmente: *“La Comunidad Autónoma de Galicia asume las funciones que venia desempeñando la administración sobre la fundación “Manuel Ventura Figueroa” de Santiago de Compostela (La Coruña)”*, este traspaso faise efectivo dende o día 1 de xaneiro de 1995.

Por suposto entre 1976 e 1995 a actividade da fundación foi nula, non se convocaron axudas, a xestión do patrimonio abandónase por completo e rómpese por primeira vez a árbore xenealóxico, a institución roza a extinción total.

O Renacemento da Institución (1995-2009)

Cando se fai efectivo o traspaso de competencias en 1995 asume estas a Consellería de Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia³⁵, este organismo nomea como Xuíz Protector ao Excmo. Sr. D. Xose Fernando Filgueira Valverde³⁶ (Pontevedra 1906- Pontevedra 1996) avogado e escritor, coñécese pola súa faceta de escritor, intelectual e erudito, é unha das figuras máis destacadas da cultura galega do S.XX, creador e director do Museo de Pontevedra, membro da Real Academia Galega, Conselleiro de Cultura da Xunta entre 1982-1983; lamentablemente o seu paso pola fundación foi moi breve debido ao seu falecemento en 1996.

Nestes primeiros anos de renacer da Fundación hai moito traballo que facer para pór en marcha a maquinaria tantos anos parada e adecuala aos novos tempos, non é en absoluto sinxelo, hai que nomear de novo un patrón de sangue para o que se convoca un concurso³⁷, hai que restablecer a árbore xenealóxico para o que establecece unha convocatoria para determinación e clasificación de parentes³⁸, noméase de xeito provisional un padroádego da fundación que encargase de pór en marcha a institución, este padroádego estará composto por: Un presidente, que será o conselleiro de Educación e ordenación universitaria, seis vocais, entre eles o patrón de sangue, o reitor da Universidade de Santiago, etc.. e un secretario³⁹ e por último noméase un novo xuíz protector para ocupar a praza vacante, este vai ser o Excmo. Sr. D. Dositeo Rodríguez Rodríguez⁴⁰ (Ribas de Sil,1935 -) de novo un licenciado en dereito e político ocupa o cargo, deputado polo PP no parlamento de Galicia entre 1993-1997, Conselleiro de Presidencia e Administración Pública da Xunta, cando chegou ao cargo atopouse que o diñeiro que quedaba da Fundación estaba investido en títulos que apenas rendían, coa colaboración do Sr. Antonio

³⁴ A administración central consideraba que o seu interese non era exclusivamente galego e por riba tiña o domicilio do protectorado en Madrid.

³⁵ R.D. 396/1994 de 29/12/94 (DOG nº4 de 05/01/1995)

³⁶ DOG nº214 de 08/11/1995

³⁷ Orde 17/07/1997 (DOG nº 141 de 23/07/1997)

³⁸ Orde 04/07/00 (DOG nº 146 de 28/07/00)

³⁹ Orde 02/05/2001 (DOG nº 87 de 07/05/01) neste órgano están representados políticos, universitarios e figueroístas.

⁴⁰ Decreto 2931/2000 de 28/12/00 (DOG nº 1 de 02/01/01)

Sánchez, ex directivo do Banco Pastor, fóronse comprando e vendendo accións ata conseguir duplicar os fondos que a Fundación posuía.⁴¹

Por fin no ano 2002 acórdase a primeira convocatoria de axudas para a realización de estudos universitarios de 1º, 2º e 3º ciclo e para a realización de tese de doutoramento, como vemos o obxecto das axudas cambiou adaptándose aos tempos e limitándose estas a os estudos universitarios, así a contía das axudas é a seguinte:⁴²

1º y 2º ciclo	1.503 €.-	8 becas
3º ciclo	2.104 €.-	3 becas
Doutorado	3.005 €.-	1 beca

A Fundación adáptase aos tempos modernos e conta coa súa propia paxina web⁴³ e fan entrega das súas axudas nun acto institucional que se celebra tódolos anos no MUPEGA⁴⁴, en Santiago de Compostela. Hoxe en día o funcionamento da Institución pódese seguir a través do Diario Oficial de Galicia (DOG) onde publican os seus concursos e resolucións; dentro da Consellería de Presidencia, Administración pública e Xusticia depende da Secretaria Xeral, como o resto de fundacións de interese galego, a normativa autonómica que regula o seu funcionamento é a seguinte:

- Ley 12/2006 de 01 de diciembre de Fundacións de interese galego
- Decreto 248/1992 de 18 de xuño regulamento e funcionamento do protectorado
- Decreto 14/2009 do 21 de xaneiro de regulamento das Fundacións de interese galego
- Decreto 15/2009 do 21 de xaneiro de regulamento das Fundacións de interese galego

Estas leis establecen que a fundación debe presentar as súas contas de resultados, memoria e balance de situación ante a administración; establecen tamén a organización interna da institución, así toda fundación vai contar cun Protectorado⁴⁵, que dá asesoramento e vela polo cumprimento dos fins da Fundación e doutra banda cun Padroádego, que é o órgano de goberno e encárgase de elaborar as contas, balances, memorias, plans de actuación, modificación de normas e cargos internos, etc..

A composición do padroádego da Fundación Figueroa vai sufrir modificacións en función dos sucesivos cambios de goberno que se produzan na Xunta de Galicia, así o segundo padroado estaba presidido pola Excm. Sra. Laura E. Sánchez Piñón e o actual e terceiro padroado esta presidido polo Excmo. Sr. Jesus Vázquez Abad.

Conclusión

⁴¹ Silvia R. “La familia más vieja del mundo: la Ventura Figueroa, única fundación del Antiguo Régimen, becó a la madre de Rajoy” www.elpais.com, 04/02/2008

⁴² DOG nº 147 de 31/07/03

⁴³ <http://www.mvfigueroa.com>

⁴⁴ Museo Pedagógico de Galicia

⁴⁵ O Protectorado é unha función da administración pública que vela polo correcto exercicio do dereito da Fundación e pola legalidade da súa constitución e funcionamento.

Como vimos o longo destas páxinas a Fundación do Excmo. Sr. D. Manuel Ventura Figueroa tivo unha longa e en ocasións dificultosa traxectoria, onde se viu sometida ao devir da historia e onde conseguiu sobrevivir a través dos tempos grazas aos ilustres persoeiros que a dirixiron, e como non, tamén ao incontable número de parentes desta extensa familia que nunca esqueceron que formaban parte dunha gran institución que buscaba a mellora dos seus membros a través do estudo e a cultura, para en última instancia contribuír a mellorar a sociedade.

Esta mellora da sociedade galega que pretendía o Sr. Ventura Figueroa o crear esta institución segue sendo o motor que move, con novas enerxias á institución na actualidade, a cal sen dúbida aborda o presente con máis motivación que nunca, sen esquecer o pasado pero mirando ao futuro.

Ana Isabel Couto Nogueira
Licenciada en Xeografía e Historia pola Universidade Complutense de Madrid